

CONVENIO DE COLABORACION EMPRESARIAL EN ACTIVIDADES DE INTERESE XERAL (ART. 25 DA LEI 49/2002, DE 23 DE DECEMBRO, DE RÉXIME FISCAL DAS ENTIDADES SEN FINS LUCRATIVOS E DOS INCENTIVOS FISCAIS AO MECENADO) ENTRE VIAQUA GESTIÓN INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA, S.A.U E A FUNDACION CIDADE DA CULTURA DE GALICIA

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2023

Dunha parte a **FUNDACION CIDADE DA CULTURA DE GALICIA**, con domicilio social en Cidade da Cultura de Galicia situada en Santiago de Compostela, Monte Gaiás s/n, e provisto do NIF G-15721640. Constituída o día 27 de decembro de 1999, ante notario. A Fundación está inscrita no rexistro de fundacións de interese galego co número 73.

Está representada neste acto por D^a. Ana Isabel Vázquez Reboredo, en calidade de Directora Xerente, conforme aos poderes outorgados ao efecto polo Padroado da Fundación na sesión do 16 de decembro de 2016, poder elevado a público o 19 de decembro de 2016.

E doutra parte, **VIAQUA GESTIÓN INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA, S.A.U**, (en adiante Viaqua) con domicilio social en Rua Jose Villar Granjel numero 33, 15890 de Santiago de Compostela (A Coruña), provista do Número de Identificación Fiscal A66141185, e inscrita no Rexistro Mercantil de Santiago de Compostela, Folio 15, Tomo 212, Folla SC-46965, inscrición 1.

Está representada neste acto por D. Iván José Vicente García quen actúa mediante facultades de representación conforme a escritura de outorgamento de poderes, formalizada ante a Notaría [REDACTED], poder elevado a público o [REDACTED] número [REDACTED] do seu protocolo.

As partes, segundo interveñen, se recoñecen, mutua e reciprocamente, a capacidade legal necesaria e a representación suficiente para formalizar o presente convenio de Colaboración (o "**Convenio**"), e ao efecto

EXPONEN

I.- Que a **Fundación Cidade da Cultura de Galicia** foi constituída o 27 de decembro de 1999, mediante escritura pública, como organización de natureza fundacional, de interese galego, sen ánimo de lucro, cun patrimonio afecto de maneira duradeira á realización dos fins de interese xeral propios da Institución.



Mediante a Orde da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública do 11 de xaneiro de 2000, (DOG núm. 11 do 18 de xaneiro), clasificouse a Fundación Cidade da Cultura de Galicia como cultural e adscribiuse á Consellería de Cultura. Por Orde da Consellería de Cultura do 19 de xaneiro de 2000 (DOG núm. 26 do 8 de febreiro) declarouse de interese galego e inscribiuse no rexistro de fundacións desta consellería co número 73.

Esta Fundación Cidade da Cultura de Galicia forma parte do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia. Na actualidade está adscrita á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, que exerce o seu protectorado e cuxo conselleiro ostenta a presidencia do Padroado, órgano reitor máximo da Fundación.

II.- Que a Fundación Cidade da Cultura de Galicia ten por obxecto creación, explotación e promoción de áreas ou centros de conservación, produción, exhibición y consumo cultural, comunicativo e tecnolóxico que constitúa un espazo multifuncional, multidisciplinar e aglutinador propicio a interacción cultural.

O desenvolvemento do obxecto fundacional poderá realizarse directamente pola fundación, ou mediante colaboración con outras entidades, organismos, institucións ou persoas que contribúan á consecución dos fins fundacionais.

O fomento da colaboración público-privada tamén se previu no II Plan Estratéxico da Cidade da Cultura de Galicia, aprobado polo Consello da Xunta, concretamente na Acción 3.3.4 Fomento da colaboración pública-privada e do mecenado, cuxa relación co marco estratéxico deriva dos seguintes obxectivos;

- OE2. Consolidar a Cidade da Cultura como rótula do sector cultural galego.
- OO 2.1 Prestar colaboración e soporte a axentes públicos e privados relevantes de Galicia na definición e desenvolvemento das súas iniciativas estratéxicas.

III.- Que en cumprimento dos seus fins fundacionais, a Fundación promove actividades tendentes a *"propiciar o achegamento da Cidade da Cultura de Galicia dun xeito físico á cidadanía, servindo como espazo de desenvolvemento de actividades non estritamente culturais con especial énfase no lecer, o contacto coa natureza e o deporte."*

Neste sentido, a Fundación procura o fomento da conservación e defensa do medio ambiente, e como tal, realiza actividades culturais, entre outras, que inviten ao contacto coa natureza a vez que á reflexión do paisaxismo artístico e arquitectónico. En 2022 ten previsto realizar as seguintes actividades relacionadas;

1.- INTERVENCIÓN PAISAXÍSTICA NAS TORRES HEJDUK; a comezos do período primaveral, e ata o mes de agosto, as Torres Hejduk albergarán un proxecto paisaxístico que versa nun invernadoiro interactivo.



2.- HOLI GAIÁS; no marco da conmemoración do Día do Medio Ambiente, regresa a VI edición da carreira popular coa que a Cidade da Cultura festexa a primavera e promove o contacto coa natureza.

3.- PROGRAMA DE VISITAS FAMILIARES AO BOSQUE DE GALICIA; un programa didáctico dirixido ás familias que invite a coñecer a biodiversidade que habita do Bosque de Galicia co fin de poñer en valor a flora e fauna da Natureza.

III.- Que **VIAQUA** é unha empresa do sector do medio ambiente que xestiona todos os procesos relacionados co ciclo integral da auga e cuxo modelo se basea na constante innovación tecnolóxica e na adecuada xestión do coñecemento, así como no uso sustentable de todos os recursos dispoñibles.

IV.- Que **VIAQUA**, mantén e desenvolve unha importante actividade económica na Comunidade Autónoma de Galicia a través dos seus distintos centros nela situados, e recoñece a importancia da difusión da industria da madeira e a súa sostibilidade, e a tal fin desexa colaborar na súa realización, promoción e difusión, mediante unha achega económica, en consonancia coa súa política social corporativa, de forma altruísta, e sen contraprestación ningunha da cantidade que se referencia posteriormente na cláusulas do presente convenio.

Que, en virtude das consideracións anteriores, ambas as dúas partes acordan a firma do presente acordo, de acordo coas cláusulas seguintes;

CLÁUSULAS

Primeira. - Obxecto. Contido e alcance

O presente Convenio ten por obxecto regular os termos e condicións da colaboración de ambas entidades, prestando apoio ás actividades de promoción da defensa e conservación do medio ambiente e natureza que programa a Fundación no ano 2023, e en concreto;

1.- Colaboración con carácter exclusivo no desenvolvemento das actividades a realizar con motivo da INTERVENCIÓN PAISAXÍSTICA NAS TORRES HEJDUK.

2.- Colaboración na celebración do HOLI GAIÁS no marco da conmemoración do DÍA DO MEDIO AMBIENTE .

3.- Colaboración no desenvolvemento das visitas en familia para o coñecemento da biodiversidade da natureza, que convidan a descubrir a flora e fauna da Bosque de Galicia.



Co fin de alcanzar o devandito obxecto, VIAQUA asume o compromiso de efectuar a achega económica que se indica na cláusula terceira seguinte para a promoción, divulgación, apoio e mecenado ás actividades culturais e de promoción da defensa e conservación do medio ambiente e natureza que programa a Fundación ao longo do ano 2023.

Pola súa banda, a FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA, se compromete a:

- a) aplicar a achega económica ás actividades e nos termos recollidos nos parágrafos anteriores.
- b) difundir e facer constar, de forma visible, a colaboración prestada por VIAQUA nas comunicacións ou publicacións en que difunda información relativa ás actividades desenvolvidas coa colaboración de VIAQUA, todo iso, nos termos que se indican na cláusula cuarta seguinte.

Segunda. - Duración

O presente Convenio terá unha duración ata o 31 de decembro de 2023 estando expresamente prohibidas as prórrogas expresas ou tácitas. Non obstante o anterior, o convenio retrotraerá os seus efectos ao 01 de xaneiro de 2023.

Terceira. - Aportación económica

A empresa VIAQUA comprométese a entregar a FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA unha achega económica en metálico con carácter de **doazón de 15.000,00 euros (QUINCE MIL EUROS)**, nun só prazo, a ingresar no ano 2023, na conta bancaria facilitada pola da Fundación Cidade da Cultura de Galicia.

Unha vez recibida a referida achega económica, a FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA expedirá a favor de VIAQUA unha certificación acreditativa da achega realizada, nos termos do establecido na Lei 49/2002, de 23 de decembro, do Réxime Fiscal das Entidades sen Fins Lucrativos e dos Incentivos Fiscais ao Mecenado e do seu Regulamento de desenvolvemento.

Cuarta.- Difusión da participación do colaborador

En tanto dure o presente convenio de colaboración, a difusión da participación de VIAQUA nas actividades da CIDADE DA CULTURA DE GALICIA levarase a cabo nos seguintes termos:

- A FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA comprométese a difundir a participación e colaboración de VIAQUA mediante a inserción da súa marca, denominación social ou logos en cantos rótulos, impresos, catálogos, selos, publicidade e en calquera outra información que se publique ou edite en relación coas actividades desenvolvidas coa colaboración de VIAQUA. A estes efectos, VIAQUA facilitará á FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA o modelo de



marca ou logotipo que deba ser difundido e a FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA axustarase en todo caso e calquera que sexa o material que no que se insira, o deseño facilitado por VIAQUA.

- A FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA comprométese a que sexa mencionada a colaboración en todos os actos de difusión referidos á actividade.

- VIAQUA poderá facer pública a súa participación nas actividades de FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA, baixo a denominación de Entidade Colaboradora de FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA.

En todo caso, a participación de VIAQUA no desenvolvemento das actividades da FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA citadas na cláusula primeira, realizarase segundo a dispoñibilidade de cada unha das partes.

Queda expresamente excluída deste convenio a publicidade, ou a difusión de calquera produto ou servizo que poida prestar o Colaborador.

Quinta.- Propiedade intelectual

En ningún caso as cláusulas do presente convenio supoñen a cesión ou transmisión de calquera dereitos de propiedade intelectual ou industrial titularidade de VIAQUA.

O uso non autorizado, ou para un fin distinto ao pactado no presente convenio por parte da FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA de calquera signo distintivo protexido polos dereitos de propiedade intelectual ou industrial ou intelectual de VIAQUA, facultará a esta para instar a resolución do presente Convenio, en cuxo caso, a FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA comprométese a restituír a VIAQUA o importe das achegas realizadas e, todo iso, sen prexuízo da correspondente indemnización de danos e prexuízos a que houber lugar.

Sexta. – Comisión de seguimento

Constituirase unha Comisión de seguimento, formada, cando menos, por un representante por cada unha das partes asinantes. Esta comisión asumirá entre outras, as seguintes funcións;

- ☒ Impulsar e avaliar o seu cumprimento, definido as actuacións que se consideren precisas para tal finalidade.
- ☒ Interpretar, en caso de dúbida, o seu contido.

A comisión reunirse as veces que as partes estimen oportuno, para mellor cumprimento e execución deste acordo, e por iniciativa de calquera delas, convocándose por escrito cun



antelación mínima de 1 semana, agás que se considere de urxencia, en cuxo caso deberá reunirse no prazo de 48 horas.

Sétima.- Causas de resolución

O presente Convenio poderá resolverse por calquera das seguintes causas:

- Por mutuo acordo das partes. As cantidades que haxan de satisfacerse no seu caso, serán as que as partes conxuntamente determinen no acordo de resolución.
- Por incumprimento das obrigas das partes. Cando o Convenio se resolva por causas imputables a calquera das partes, a parte incumpridora haberá de reparar os danos e prexuízos que por tal motivo tiver causado á outra parte.
- Por denuncia das partes poñéndoo en coñecemento da outra, polo menos cun (1) mes de anticipación á data en que desexase deixalo sen efecto.

En todo caso, haberán de ser finalizadas as accións que no seu momento se achen en curso ou estea comprometida a súa realización.

Oitava. - Protección de datos de carácter persoal

1. Tratamento de datos persoais das partes intervenientes no convenio

As partes intervenientes manifestan ter sido informadas, respecto dos seus propios datos persoais que se faciliten para a formalización e o adecuado desenvolvemento deste convenio, conforme ao disposto no artigo 13 do Regulamento 2016/679 (UE) xeral de protección de datos persoais, e na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. A lexitimación para o tratamento dos datos seus datos, será a execución do presente convenio.

No caso de que, no ámbito deste convenio, os intervenientes se facilitasen respectivamente datos persoais de terceiros, incluídos os relativos ao persoal ao seu servizo, estes serán tratados para o cumprimento dunha misión de interese público ou o exercicio de poderes públicos, debendo informar previamente á súa comunicación aos interesados dos extremos previstos no devandito artigo 13.

2. Deber de confidencialidade das partes intervenientes no convenio

As partes intervenientes deberán respectar o segredo profesional e, en consecuencia, manter absoluta confidencialidade e reserva sobre a totalidade dos documentos e informacións que lle foran confiados para a formalización do convenio ou que sexan elaborados con ocasión da execución do mesmo. Así, quedan expresamente obrigadas:

-



- a utilizar a devandita información exclusivamente no ámbito deste convenio e para as finalidades previstas no mesmo;
- a non comunicala, nin total nin parcialmente, a ningún terceiro sen autorización expresa do emisor salvo nos casos expresamente previstos na lei, esixindo idéntico compromiso ao persoal que empregue ou co que colabore na execución do convenio;
- a facilitar o acceso á información unicamente ao persoal que a necesite para o desenvolvemento da devandita relación, a quen se comunicará a obrigaón de tratar a información á que se lles dá acceso con carácter estritamente confidencial;
- a aplicar medidas de cautela e protección e destruír en calquera momento a documentación escrita recibida se así o solicita a parte que a forneceu;

Considerarase información confidencial aquela á que os intervenientes accedan en virtude do presente convenio, especialmente a de tipo técnico ou tecnolóxico, de produción, de mercadotecnia, administrativa, ou económico-financeira, sempre que non teña carácter público ou notorio. Este deber manterase durante un prazo mínimo de dez anos desde o coñecemento desa información.

Novena. - Tributos

Na execución do contido do presente convenio, cada parte soportará os tributos que se poidan percibir e sexan do seu cargo segundo a Lei.

Décima. – Natureza

O presente acordo ten a natureza prevista no artigo 25 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de Réxime Fiscal das Entidades sen Fins Lucrativos e dos Incentivos Fiscais ao Mecenado, e que, en ningún caso, debe considerarse que persegue os fins dos contratos de patrocinio publicitario recollidos no artigo 22 da Lei 34/1988, do 11 de novembro, Xeneral de Publicidade.

Para todos os efectos, a difusión da participación do Colaborador na actividade da Fundación non constituirá unha prestación de servizos.

Décimo primeira.- Xurisdición e competencia

VIAQUA e a FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA comprométense a buscar a resolución de calquera conflito ou incidencia que puidese xurdir na interpretación ou execución do presente convenio de xeito amigable.

En caso de que non puidese ser resolto como antecede, o presente Convenio someterase á xurisdición dos Xulgados e Tribunais de Santiago de Compostela.

Décimo segunda. - Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de



medios electrónicos coas administración públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo terceira. – Publicidade

Conforme ao previsto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, este convenio incluírase no Rexistro de convenios da Xunta de Galicia a que se refire o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia. Este convenio de colaboración será obxecto de publicación na páxina web oficial correspondente, coa expresión da súa contía e finalidade, de acordo co disposto na Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Non obstante o anterior, a sinatura do convenio non leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos da entidade e a referida publicidade.

E en proba de conformidade, asínase e rubrica o presente Convenio, por duplicado, e para un só efecto, no lugar e data do encabezamento.

**Pola Fundación Cidade da Cultura
de Galicia**

**Por Viaqua Gestión Integral De Aguas De
Galicia, S.A.U**

Ana Isabel Vázquez Reboredo

Iván José Vicente García



ANEXO I.- CERTIFICADO DE PAGO RELATIVO A CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE
_____ E FUNDACION CIDADE DA CULTURA DE GALICIA _____

D/D^a _____, provista de DNI _____, na súa condición de _____ da FUNDACION CIDADE DA CULTURA DE GALICIA, con domicilio social na Cidade da Cultura de Galicia situada en Santiago de Compostela, Edificio CINC, terceiro andar, Monte Gaiás s/n, código postal 15707 e provisto de Número de Identificación Fiscal (N.I.F.) G-15721640, conforme aos poderes outorgados ao efecto polo Padroado da Fundación en data _____.

Certifico

1º) Que esta Fundación foi constituída con data do día 27 de decembro de 1999 e declarada de interese cultural por Orde da Consellería da Presidencia e Administración Pública da Xunta de Galicia de 11 de xaneiro de 2000, quedando adscrita ao Protectorado da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, e que se atopa incluída entre as reguladas no artigo 16 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de Réxime Fiscal das Entidades sen Fins Lucrativos e dos Incentivos Fiscais ao Mecenado .

2º) Que para axudar ao cumprimento dos fins estatutarios desta Fundación, a empresa _____, con CIF _____ e domiciliada na Rúa _____ (CP ____) de _____ (_____), abonou á FUNDACION CIDADE DA CULTURA DE GALICIA a cantidade de _____ EUROS [_____ euros] mediante transferencia bancaria realizada o día _____.

3º) Que esta Fundación aplicará a aportación económica ás actividades de promoción da defensa e conservación do medio ambiente e natureza que programa a Fundación no ano 2023.

4º) Que dita cantidade foi entregada con carácter irrevocable e en concepto de Convenio de Colaboración empresarial, ao que se refire o artigo 25 da Lei 49/2002, de 23 de decembro.

Todo o cal certifico aos efectos previstos no Título III da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de Réxime Fiscal das Entidades sen Fins Lucrativos e dos Incentivos Fiscais ao Mecenado.

En Santiago de Compostela, _____,

A_____da Fundación Cidade da Cultura de Galicia

